

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O FINANCIAMENTO DO MANTEMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS DE PADERNE DE ALLARIZ E A GUARDA NO ANO 2025 CON CRÉDITOS DESTINADOS AO PROGRAMA DE IMPULSO DE ESCOLARIZACIÓN NO PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL CON NOVAS PRAZAS DE TITULARIDADE PÚBLICA, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION EU.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA COMPLEMENTARIA

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

1. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e consonte a disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

2. Que este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo o disposto no artigo 6.2; e polo tanto rexerese polas súas normas especiais, aplicándose os principios de esta Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse segundo establece o artigo 4.

3. No marco das súas competencias, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é titular da Escola infantil 0-3 Paderne de Allariz con número de rexistro E2088C248, que presta servizos dende o 17 de setembro de 2021 ofertando 41 prazas, e da Escola Infantil 0-3 A Guarda con número de rexistro E2088C250, que presta servizos dende o 5 de setembro de 2022 ofertando igualmente 41 prazas.

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA  
E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA  
Complexo San Caetano – Edificio 8 B  
T. +34 981 544 655  
dxfamilia.politicasocial@xunta.gal  
www.xunta.gal



4. Que o Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus.

5. Que en virtude do Acordo do 25 de novembro de 2021 da Conferencia Sectorial de Educación, publicado no *Boletín Oficial de Estado (BOE)* Núm. 312 do 29 de decembro de 2021, modificado polo Acordo de 13 de decembro de 2022 (BOE Núm. 5 do 6 de xaneiro de 2023) e polo Acordo de 13 de decembro de 2023 (BOE Núm. 308 do 26 de decembro de 2023) aprobábase a distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados polas Comunidades Autónomas destinados ao programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil con novas prazas de titularidade pública, prioritariamente para nenas e nenos de 1 e 2 anos.

6. As ditas convocatorias estaban dirixidas á creación e mantemento de novas prazas do primeiro ciclo de educación infantil 0-3 pola Administración estatal, as entidades locais e os organismos dependentes das entidades locais, polo que o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar, estaba excluído para a concorrência á concesión destas subvencións.

7. Que cumprindo as escolas infantís da Guarda e Paderne de Allariz cos requisitos establecidos no Acordo do 25 de novembro de 2021 da Conferencia Sectorial de Educación e das súas posteriores modificacións, ao se ter creado despois do 1 de xaneiro de 2021 e mantido con fondos públicos, e a non poder concorrer o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar titular das mesmas ás ordes de convocatoria de axudas, faise necesario instrumentar esta subvención de acordo ao establecido nos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a través dun Convenio de Colaboración.

8. Que o resto de escolas infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar non cumpren os requisitos establecidos no anterior Acordo, do 25 de novembro de 2021, ao se ter creado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, e polo tanto non poden acceder ás mencionadas axudas.

9. A Consellería de Política Social e Igualdade contribuirá ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento das escolas infantís de Paderne de Allariz e A Guarda cunha contía de trescentos vinte e seis mil cincocentos vinte e catro euros (326.524 €), con fondos



procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEu, con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.442.07 dos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade o que aliviará o déficit orzamentario do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, que na anualidade 2024 saíu cun crédito inicial de 43.075.566,00 €, que tivo que ser incrementado, a través de modificacións orzamentarias, en 9.269.957,70 €, alcanzando un crédito total, para esa anualidade, de 52.345.523,70 €. Na anualidade do ano 2025 o crédito inicial é de tan só 44.314.428,00€ o que manifesta o déficit orzamentario, de partida, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

10. Este convenio non supón un aumento de gasto de funcionamento nas escolas infantís de Paderne de Allaríz e de A Guarda, xa que son gastos que xa se estaban custeando desde a súa apertura.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

Santiago de Compostela,

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización  
Demográfica

Jacobo Rey Sastre

*(asinado dixitalmente)*

